

# Samain

## Coruña

### 2018

Únete á lenda



## Concurso de disfraces do samain 2018



CORUÑA  
>PROXIMA

### 1.- OBXECTO DO CONCURSO.

O obxecto deste concurso é premiar aos mellores disfraces con motivo da Procesión e Gran Festa do Samain 2018 do Concello da Coruña a celebrarse a tarde do 31 de outubro.

### 2.- TEMÁTICA.

O tema dos disfraces será o relacionado cos motivos da festa do Samain. O deseño e os materiais que se empreguen serán de libre elección dos concursantes, valorándose a imaxinación, a posta en escena, a elaboración do disface e a maquillaxe.

### 3.- XURADO.

O xurado estará formado por 3 integrantes. 2 representantes do comercio participante na promoción do Samain e 1 designado polo Concello. O xurado queda cualificado para resolver calquera dúbida que puidera xurdir da interpretación destas bases. As súas decisións serán inapelables.

### 4.- CATEGORÍAS. ESTABLÉCENSE CINCO CATEGORÍAS:

- A.- Comparsa centros escolares
- B.- Comparsa (máis de 4 persoas)
- C.- Familia (grupo ata 4 persoas)
- D.- Parellas (2 persoas)
- E.- Individual

Na categoría A (Centros Escolares) só poderán participar aqueles centros que formasen parte das actividades de Obradoiros e Pasarrúas organizadas polo Concello. O resto das categorías son libres.



# Samaín

## CORUÑA

### 2018

Únete á lenda



## CONCURSO DE DÍSFACES DO SAMAIÍN 2018



CORUÑA  
>PROXIMA

### 5.- PREMIOS.

Os premios outorgados polo Concello da Coruña serán vales de compra a canxear durante o mes de novembro nos comercios participantes na promoción do Samaín 2018:

Centros Escolares: 3 premios de 1.500€  
Categoría de comparsa: 1º premio 1.250€ / 2º premio 950€  
Categoría familiar: 1º premio 750€ / 2º premio 500€  
Categoría parellas: 1º premio 750€ / 2º premio 500€  
Categoría individual: 1º premio 500€ / 2º premio 300€

Se o xurado o estima conveniente, poderá designar algunha ou algunhas categorías como desertas.

### 6.- REQUISITOS

Serán requisitos imprescindibles para participar no concurso a aceptación destas Bases, a inscrición previa, a súa posterior confirmación e a presenza na carpa instalada en María Pita durante a celebración da Festa para realizar o desfile diante do xurado de valoración.

### 7.- INSCRICIÓN

Os participantes realizarán unha preinscrición mediante un formulario dispoñible na web [www.samaincoruna.com](http://www.samaincoruna.com) ata as 24:00 horas do martes 30 de outubro. Posteriormente, no posto instalado pola organización na Praza de Lugo entre as 16:30 e as 17:00 horas do mércores 31 de outubro, deberán realizar de xeito presencial a confirmación da súa inscrición.

### Dereitos de imaxe:

Durante a celebración dos eventos poderanse efectuar gravacións e fotografías, incluíndo aos asistentes e participantes no concurso, que poderán ser utilizadas, reproducidas e divulgadas nos medios e programas municipais.

### Aceptación bases:

A participación no concurso supón a aceptación das presentes bases.

